

PREGÓN FESTAS DE VILALBA ANO 2024

SAÚDA E AGRADECEMENTOS

Veciños e veciñas de Vilalba, meus; chegou o MIGUELIÑO. Moi boas tardes nestas vésperas de san Ramón e de santa María.

Como dixeron, non traio xarro nin traio viño, tráiovos versos ás estrofas presos.

Confeso, a algún de vosoutros non fai falla que volo diga, que de pequeno era moi traste, pero non malo, moi traste; e meus tíos, Alfredo “O Fícime” e Carmen “A Morcega”, cando facía unha trasnada ou mal un recado, cantábanme un maldicir.

*Migueliño foi por viño
rompeu o xarro no camiño,
pobre xarro, pobre viño,
pobre cu do Migueliño.*

Meus agradecementos ó Concello de Vilalba, polo recado, moi en particular á Concelleira de Cultura, Tamara Rodríguez López, de honrarme coa responsabilidade de pregoar o comezo das festas e celebrar o 50 (quincuaxésimo) Certame Literario de Vilalba. Espero preservar meu cu ó remate do pregón.

Agradecervos, a todos e a todas, a vosa presenza neste acto, que abre as portas a días de festa e fraternidade.

Nos pasados días, dos meses de xullo e de agosto, puidemos desfrutar, nas redes sociais, de vilalbeses e vilalbesas, que prestando a súa voz, leron poemas dos autores premiados, nestes 50 anos de Certame Literario de Vilalba, dende os seus inicios, aló polo 1975.

Un longo percorrido que, por suposto, paga a pena lembrar.

FALEMOS DO CERTAME

No ano 1975, o Premio de poesía José María Chao Ledo, co título “Antífona da Galicia presentida. Galicia, salmo da voz pra darse” foi para Xavier Rodríguez Barrio.

Os primeiros versos do primeiro premio dicían así:

*“Regreso sobre o meu rastro
checho de lonxe e veño canso.”*

O rastro de 50 anos de certame tráenos:

Uns 117 autores gañadores e gañadoras, nas súas diferentes modalidades: premios, accésits e mencións de honra.

No seu percorrido as modalidades foron evolucionando ao longo destes 50 anos:

Dende **1975** ata 1994 foi un período máis ou menos estable, con algunha que outra variación.

No ano **1994** prodúcese un **cambio moi substancial**, quedando a convocatoria coas modalidades de narrativa e de poesía. Ese ano só se concedeu o premio de poesía, acadado por Fiz Vergara Vilariño, coa obra “Animal sen Fel”.

Revísase no ano **2004**, coincidindo coa convocatoria do XXX aniversario, coa modificación das bases, que suprime o premio de narrativa e queda exclusivamente como premio de poesía, con dous premios.

Será a partir do **2017**, hasta o presente, cando o premio convértese nun premio **único e indivisible**, sendo a primeira autora premiada Emma Pedreira Lombardía, polo seu traballo “Antídoto”. Como anécdota, dicir que este ano 2024, na feira do libro de Madrid, o Certame Literario de Vilalba tivo un papel destacado, e a obra “Antídoto” foi un dos libros que mercou a Reina Leticia, na caseta da Editora Alvarellos.

Respecto ós **POETAS MÁIS PREMIADOS**, nas diferentes modalidades de poesía foron:

Os poetas de VILALBA:

Baldomero Iglesias Dobarrío (3). María Xosé Lamas Fernández (3). Martiño Maseda Lozano (3). Francisco Xosé Roca Constenla (1). Uxío García Amor (1). Miguel Barrera (1).

Dos poetas DOUTROS LUGARES, destácanse aqueles que tiveron maior presenza como:

Darío Xohan Cabana (9). María del Pilar Campo Domínguez (6). Fiz Vergara Vilariño (5). Francisco Javier Lama López (5). Xosé Otero Canto (5).

Respecto ós membros do XURADOS, nestes 50 anos aparece nomes moi relevantes como:

Arcadio López Casanova , Ánxel Fole Sánchez, Carmiña Prieto Rouco, María Dolores Soto, Celestino Fernández de la Vega, Xosé Trapero Pardo, Agustín Fernández Paz, Bernardo García Cendán, e na última etapa: Ramón Villares Paz, Darío Villanueva, Fidel Fernán Bello e Cecilia Fernández Santomé (nova incorporación neste 2024).

O membro do xurado, que formou parte do mesmo, exercendo na maioría das veces como secretario: Xulio Xiz Ramil, tódolos anos agás 1998.

Na súa páxina web “certamedevilalba.org”, tedes cumprida información, é do melloriño que temos sobre dito certame. Meus parabéns.

Pero toda esta estrutura de certames, xurados, premios, editoras e feiras, non teñen sentido sen a presenza do poeta autor (dos autores poetas), que son os/as que ansían, coa súa creación, unha oportunidade para o recoñecemento da súa obra.

O poeta autor, gañador ou non, con ilusión e incerteza, somete seus escritos á valoración duns terceiros, terceiros respectados pola súa solvencia (de non ser así, a reputación do certame carece de sentido e degrádase o seu prestixio, e a dos autores presentados), é importante deixar constancia da responsabilidade do xurado (e dos que os designan, tamén), non é difícil intuír a dificultade do seu papel. Non debemos desprezar a labor complexa do xurado, ao meu modo de ver, son os xurados os que soportan o valor do certame.

Pero falemos do autor ou autora, do **POETA** e da súa teima.

Que leva a un autor/ra, ó criador da palabra, a escribir?.

Eu pódovos falar do meu caso, do espertar dun desexo, como dunha chamada.

É sabido, que a miña afección pola poesía nace, cando escoitei ó crego “Don Jesús” recitar os versos de Antonio Machado na catequeses da confirmación.

Eses versos cobraron todo o seu sentido, como unha revelación, cando escoitei ó crego recitar:

*Caminante, no hay camino,
se hace camino al andar.
Al andar se hace el camino,
y al volver la vista atrás
se ve la senda que nunca
se ha de volver a pisar.
Caminante no hay camino
sino estelas en la mar.*

Ós 15 anos, experimentar unha revelación, cun senso tan profundo e transcendente, mandoulle truco. Cando releo, ós meus 60 anos, estes versos, un dáse cumprida conta da forza que ten a melancolía... Gústame lembrar a aquel rapaz de 15 anos, insubordinado e mal estudante, decatándose da forza destes oito versos. A forza da palabra, que obrou nese rapaz un cambio substancial e definitivo.

Cos anos, o Psiquiatra de Ribeira, Fidel Vidal Pérez, no seu libro “Anatomía da Emoción Poética” axudoume a diagnosticar a miña tolemia (a teima pola palabra). Conta Fidel, a patoloxía de ser un criador de palabras que ama esas mesmas palabras, nunha fusión de metamorfose que cre nas palabras liberadoras que o crean a el. Os poetas, sendo humanos coma os demais, non vaia ser..., están psiquiátricamente, tocados da palabra, (e pon en boca de María Zambrano) posuídos polo entusiasmo pola palabra; como inspirador esencial, hoxe, nestes tempos de miseria moral, coa misión de crear entusiasmo (ou indiferenza, tamén), tal como manifesta Paul Édluar, **nun delirio guiado pola obsesión** salvadora (liberadora, revolucionaria, transformadora) da palabra.

E en palabras de Cunqueiro:

*Ate que te decatas
que o violín que da eco in lontano
eres ti mesmo, entón a vida
como un pano bordado téndese diante de ti.*

Mesmo inmortaliza, María Xosé Lamas esta afirmación, en Sonetos Preposicionais:

*No letargo movín os fíos quedos
do meu tear harmónico e calado
e cobrou nova vida nos meus dedos
ao sentirse querido e agarimado.*

Porque o que da sentido ao entusiasmo do poeta, nese delirio, nesa (para el) certeza da palabra é sentirse *querido e agarimado* polo obxecto da súa escrita, en definitiva, ti lector, como cómplice secreto es a razón do seu entusiasmo. Ti lector, si (aínda que non chegues a ler nunca a súa poesía).

O que, tamén dinos, con toda claridade Chantal Maillard, no seu libro “**Lo que el pájaro bebe en la fuente y no es agua**”:

*escribir

para curar
en la carne abierta
en el dolor de todos*

*en esa muerte que mana
en mí y es de todos*

escribir

*para ahuyentar la angustia que describe
sus círculos de cóndor
sobre la presa*

ESCRIBIR PARA QUE EL AGUA ENVENENADA PUEDA BEBERSE. (bis)

Perdoade a nosa obsesión como poetas, des-vivímonos polo cómplice lector, polo lector anónimo.
E nisto tamén deixamos pegada os poetas de Vilalba, e poño como exemplo, cando Martiño Maseda
dinos no seu **“Diario dun ser Perdido”**

*“Pensei en escribir,
en ceibar a expresividade do meu desacougo
e acordeime de vós,
os que estades do outro lado da canle comunicativa,
os receptores destas emocións miñas en salvaxe dispersión (bis).”*
Non se pode dicir mellor!

Cando empeza un a escribir? Cando empecei a escribir?, por suposto, antes foi o lector (o tenaz, o perseverante lector, o namorado lector...); neses fugaces e intensos 15 anos ía co meu tío Funcasta e meu primo Carlos ás feiras (Vilalba, Gontán, Rábade, Feira do Monte, Parga e As Pontes); antes de irme á “outra” universidade. Pois, con parte do que gañaba, ía á librería de Carme da Ponte a mercar libros para mergullarme nas lecturas. Dende entón conservo unha boa biblioteca, que cóntase por miles os seus exemplares.

Despois... despois por accidente ou casualidade ou por satisfacción narcisista quen sabe... Lembro que unhas compañeiras no Instituto de Bacharelato de Vilalba, entre as que estaba Pas Veres, invitáronme a intentalo; e teño que recoñecer que foi moi importante o papel dun profesor de Literatura Española, “O Folgueira” que me aprendeu a desmembrar os textos.

De primeiro, o escribir considereino un sacrilexio, un pecado, unha violación do sagrado; pero fíxeno, e foi medrando no entusiasmo, con erros, na soidade, nun frustrante camiño de incomprensións e desilusións... pero, sentínme en certo modo gratificado, cando un 17 de maio de 1984, no Instituto premiaron estes versos (cito unha parte):

*Ti me chamas. Cando
ti me chamas,
eu,
escoito teus susurros
de mel e auga crara
confundidos na distancia.*

*Cando ti me chamas
obrígasme a me erguer
para comunicar
ós máis a felicidade
que sinto cando
ti me chamas.*

Premonitorio non si?

Permitídemme deixarvos algunhas pegadas dese delirio por escribir, do entusiasmo posuído pola palabra.

O PRIMER POEMA PUBLICADO foi, como non, no libro das festas de 1988, e dicía así:

*Terra Cha,
tේñote por amante,
vello amor
forxado no agarimo do tempo,
latexo constante.*
*A ti,
que vas detida entre montañas,
que a lonxanía é salpicadura de outeiros,
antoxos das chantas,
fragas trastes
e ríos larpeiros.*
*A ti,
ámote exento de servidume,
con vocación exaltada,
entolecido polas cores e as xentes.*

O libro **LOITA DE SILENCIO**, que concibiuse como un canto de impotencia, unha denuncia contra a indiferenza, xunto a uns cantos de esperanza.

Na época en que escribín Loita de Silencio (entre o 1988 e 1989), tiveron a fortuna de facer o catastro por Goiriz, onde coñecín grandes persoas, extraordinarias, como os Lexos, o Chaira e moitos máis, pero a quen quero lembrar hoxe é a un poeta, ó poeta Valentín da Mámoa, Valentín Sanjurjo.

Non son poucas as veces que arelo as conversas con Valentín, entre tenzas e valados por Goiriz, á sombra dos carballos, sentado nos alboios vendo chover, escoitar o pirlón do malvís por Abelaira.

Facer o catastro en Goiriz, foi unha das mellores experiencias que tiveron en sorte vivir, da que vos traio o recordo de cando coñecín á Vella da Grela; a impresión que me causou cando a vin por primeira vez, cando me levou á súa casa e fixo café de pota na lareira, mentres falabamos de tenzas, dos seus irmáns, das súas ausencias.

Se hai momentos máxicos na vida, ese foi un deles:

A VELLA DA GRELA

*Cando a vin era un recuncho do pasado
unha pantasma, un feixe de herba seca,
unha alma escura pola veiga do Óso,
unha torta aguillada con lama nas zocas,
unha saia chea de lamparóns de noite.
Cando a vin, non só os meus ollos bicaron a terra,
tamén o vento da Chaira era de outro tempo;
coma o orballo esquecido polo outono
tamén meus ollos lamberon a espesura da fraga.
Cando vin o seu lar cheo de ausencias,
e nas súas bágoas doadas un sol de inverno que tiña senso
nun lume a se extinguir no oco do tempo,
vin ós meus pais e ós pais dos meus pais
indo ó pozo da vida, sementando o froito eterno.*

Co libro “**ÁRBORE DE DESESPERO**”, escrito na miña época de estudante en Santiago, aló polo 1986 e 1987, cando eu so tiña ollos para Luisa Castro e Xela Arias, un suceso lido na prensa conmoveume enormemente, trataba do suicidio dunha muller, cando fuxía desesperada do seu home.

Imaxinei a dor insoportábel, o medo desa muller, e deume por relatar en verso, coma un heterónimo, en primeira persoa do feminino, as derradeiras horas desa angustia.

Podedes lelo no primeiro Caderno de Estudos Chairegos e en Galicia Dixital. Anunciarvos que por suxestión de Cristina Penalva, da que falarei máis adiante, estamos coa preparación en edición bilingüe, para publicarse de novo, pero coa aportación dun novo e esperanzado final. Final que será composto, pola tamén poeta e filla, Sofía Abelaira.

Hoxe tráiovos este poema:

*Camiño perseguida
polas pegadas de lúa de madeira,
irrompo no meu cuarto cheirando aldraxes polo meu corpo
exhausta polo medo.
No centro o meu leito ceibado,
as zapatillas cravadas na parede,
e un cheiro a mexos e esperma
saboreando a alfombra.*

Camiño acougadiña para non arruina-lo cadro.

*Engúrrome horrorizada,
comprobo a soidade da miña boca
e resístome a crer que un corpo salvaxe
falta do meu leito.*

Do libro que máis me costa falar e de **POEMAS DO TEMPO SILENCIADO**, dende o 1993 ata o 2003, Vilalba estivo ausente e a penas deixei ver, percibía un afogo e o sentimento de derrota apoderábase de min, non pagaba a pena o esforzo por escribir.

Salvoume, para non desprenderme de todo, os contactos epistolares que mantiven con Manuel María. Nesa etapa silenciada, o Manuel foi de gran axuda e consolo (e moi en particular Saleta). Recordo que o chamei emocionado, cando naceu miña filla Sofía Abelaira, para dicirlle que a ía chamar Abelaira, Manoel María non daba creto:

*Vilalba, dona da Chaira,
soportando un ceo gris:
sobre a gracia da abelaira anda a cantar o malvís.*

Madrid supuxo un reto, pero non creo que maior que a calquera outro emigrante. Porque iso fun, un emigrante que conviviu con emigrantes de Vilalba.

E non vos imaxinades canto falamos de Vilalba cando nos xuntabamos, non vos imaxinades o presente que está Vilalba.

Quero recordar aquí ós meus sogros Man de Orosa e Lolita da Calexa, o apoio dos meus cuñados Carme e Ramón, a paciencia dos sobriños, ó “caga presas” do Migueliño. Sen o apoio deles e os consellos do meu tío Moncho e meu primo Tomás, penso que se faría todo máis difícil.

Pero o apoio máis verdadeiro e incondicional é das que están sempre aí, coma “paxariñas marabilladas”. Fálovos da miña compañeira Marga (incombustible, da que cada día estou máis namorado) e as miñas fillas Sofía Abelaira e María, paxariñas constantes que co seu amor, co seu querer, danme razóns para confesarvos que son unha persoa feliz.

Traio aquí un poema que dalgún modo simboliza esa etapa, co título de “Madrid”, cando, cada noite, indo ó meu traballo de panadeiro naquel entón, pasaba pola antiga cárcere de Carabanchel:

*MADRID
Contamíname, oh cidade!
que o teu veneno flúa en min.
Cada día axudo a un preso na súa fuxida,
cada día atraveso os arames de espiños
para salvar un novo fuxitivo.
Cada día atraveso a alma cun disparo
da miña conciencia.
A través dos lentes de sol da miña prisión
vexo quebrarse a alba
contra o vidro da noite.
Son un home feito polas faragullas da derrota,
refléctome nas faces, faces...*

E casualmente, no homenaxe que lle fixeron a Manuel María, na tenda de Sargadelos, na Calle Zurbano, coñecín ó Grupo Bilbao e confraternicei co vilalbés Rafa Yáñez.

Nos faladoiros que se facían no Café Comercial eu sentíame mínimo, intrascendente. Escoitaba con admiración a Vicente Araguas, a Xavier Frias, a Pepiño da Gaita, a Fermín Bouza, a Sabino Torres... e saíu o de publicar **POEMAS DO TEMPO SILENCIADO** grazas a Xavier Frias e ó vilalbés Rafa Yáñez. Despois houbo unha segunda edición en Vilalba, publicada polo IESCHA.

Quérovos falar tamén do **RECORDO DOS AUSENTES**, escrito case todo en castelán, xa que pertence a un libro colectivo titulado **MEMORIA DE AUSENCIAS** con poemas como: **Lamento por la muerte de un amigo**, pola dolorosa perda de Francisco Rodríguez Mato (O **Maragato** da Ferrería), **“San Moncho”** ao meu tío Ramón Vázquez Graña, que a súa repentina perda en Viveiro deixoume un baleiro enorme; **“Inclino la cabeza sobre tu cadáver”** a Leopoldo María Panero e, en memoria do *represaliado* polo Franquismo, o concejal de IU de Buitrago, **Paco Cerdeño** e ao seu compañeiro de cadea **Marcos Ana**. En galego tamén, publicadas de forma dispersa, poemas a **Carmiña da Ponte**, **Mestre Chao** (Pepe Chao) entre outros, e o máis recente, ao amigo que se nos foi, **Fredy Guizán**.

Penso que é necesario pararnos aquí, e lembrar aqueles seres queridos que hoxe están ausentes. Os seres queridos que, no san Ramón e santa María, lembramos ó xuntarmos ó redor da mesa.

Comparto este recordo cos meus queridos irmáns Marga, Hortensia, Amparo, Ramón e Xavier; este poema moi especial, escrito á miña nai, ausente dende o andazo da Covid. Titúlase, **QUE NON SE VAIA A TENRURA**.

*Que non se vaia a tenrura,
que non se afaste das miñas apertas,
que remexa entre a sarta de recordos
a cálida silueta do meu sorriso,
o espertar do bico
trotando na xema dos dedos,
ata a pel do aire
e seus charcos.*

*Chámaa tenrura, chámaa como a chuvia
polo seu nome,
amigo chámaa, reclama
a súa voz
entre o consolo das cancións,
entre o blues das palmas ao vento.*

*Chámaa. Chámaa si!
para que sexan teus aloumiños
e as apertas valeiras de hoxe nos balcóns,
o espertar vivo dos latexos,
o suspiro
entre as bágoas secuestradas.*

*Chámaa, amigo.
Chámaa tenrura amiga, chámaa si!
Nai!*

*Recórdalle que non estou so.
Recórdalle que non estarei so!
Recórdaame que non estou so.*

*Que, ao alborecer,
como un bosque na espera(nza),
habita cada mañá
no trilo do merlo,
anunciando a primavera.*

E se me deixades presumir, gustaríame falarvos das RESEÑAS SALIENTABLES: xa que un reconfórtase, cando os que o leen, falan ben del.

Por iso lembro o Artigo de Manuel María no “El Correo Gallego” co título “Poetas Transterrados”, a Vicente Araguas en Nordesía, a Xosé Ramón Lorenzo Manso, nas múltiples publicacións que me ten referenciado en poemas, entrevistas e publicación en Madrid... O proxecto “Radio Bukowski, al otro lado del mar”, no que podedes escoitar a entrevista feita por Cristina Penalva en Spotify sobre “Poema de Rúa das Aves”; entre mais de 70 entrevistas (onde se atopan poetas como Mari Ángeles Pérez López, Luis Luna, Oscar Ayala, Elsa López, Mario Obrero, e o entrañable encontro con Carlos Mestre). A entrevista sobre o “Poema da Rúa das Aves” escoitouse en máis de 27 países de Europa e América, nunha audiencia de miles de oíntes: a trágica historia de Gata Non-nata e como as aves de Porta de Cima coidaron dos seus gatiños. E por certo, na Biblioteca do Congreso dos EEUU, gardan dous exemplares de Poema da Rúa das Aves.

É imperativo falarvos dunha gran poeta (e valedora de poetas), Cristina Penalva Pastor, que co seu alento suxeridor e o seu constante apoio, transformou o meu modo de ver o obxecto poético.

Esta última etapa creativa débolla a ela, que sorprendeume, ó incluírme na súa forza inspiradora, con este poema do seu libro “**La Palabra Invisible**” (leo un fragmento):

Con el recuerdo emocionado

A Miguel Barrera Vázquez

*Y el poema se creó en ti
salió a la luz y vive y obra en ti
Con devoción y éxtasis
nos hablarás del rito poético
sin que tengas conciencia de que eres la puerta
y la paráfrasis de un poemalobo que busca la compañía
de lo humano
aquí
donde los mortales competimos con los dioses
y hablamos de la muerte como si estuviera viva*

*Mudo como piedra pájaro o mujer
del misterio del rito no nos dirás ni una palabra*

...

*Resurges de la ceniza
para purificar a los hombres
que como pan alimentan al océano*

*Higuera encantada por el aforismo de la literatura
Errante vagas de alma en alma
vestido con sangre de lino*

DOS POETAS DE VILALBA HOXE

Deixádemme rematar o pregón falando dos poetas de Vilalba. Pero non dos poetas que lemos os seus nomes nas placas das rúas.

Veño a falarvos dos poetas que hoxe están entre nosoutros, dos poetas que hoxe están sentados ó voso carón, dos poetas que escriben de nosoutros e para nosoutros. Quero falarvos dos poetas que hoxe escriben en Vilalba, e asegúrovos, que si leedes os seus versos, ides a sorprendervos do seu bo facer.

Parte da súa obra podémola ler na base editorial do IESCHA, tanto nos Cadernos de Estudos Chairegos como na colección de Biblioteca Chairega, que dicir ten que a contribución do IESCHA á poesía na Terra Cha é importantísima e imprescindible, como tamén o é a editorial Alvarellos.

E empezamos polo decano, o máis lonxevo dos nosos poetas, **Uxío García Amor**, segue Mero, **Baldomero Iglesias Dobbarrio**, **Lis García Ferreiro**, fillo de Xosé Luis García Mato, a penas ten publicado, pero a súa influencia e respecto é salientable para todos os que o coñecemos. **Sesé Roca (Francisco Xosé Roca Constenla)**, **Manuel Ferreiro**, **Miguel Díaz Díaz** e **Alberto Mouriño**, por mencionar os que eu coñezo.

Dos poetas con publicacións máis recentes e dos que teño lido con máis atención, temos:

Ana Ramil Rego, publica “Aniñar en Neve”, e recentemente, “Aquiles e a bágoa”.

Como é de lectura recente, permitídemme a debilidade, e que vos confese que estou entusiasmado e namorado dos seus versos, do seu “Aquiles e a bágoa”. Foi **Rafa Yáñez** quen me falou da poeta **Ana Ramil** polo libro “Aniñar en neve” fermoso e conmovedor, coincido con Eva Veiga; pero o seu recente libro “Aquiles e a bágoa” non me deixou para nada indiferente, presinto a memoria compartida, as paisaxes e espazos comúns, a Alameda cos seus castaños de indias, o Xistral...

Léovos esta xoia que lle dedica ao seu irmán Eduardo:

*ROZA DAS MODIAS
non agardaba por nós a voz da muller
enterrada na medoña
cos ósos desfeitos pola acidez da terra*

*achamos o enxoval tal como alguén
que debeu amala moito dispuxera
coa punta da frecha orientada ao solpor*

*tívena nas mans un instante
a peza que facía de compás do alén
desprendéndose do po de milenios*

*non agardaba por nós a voz da muller
soterrada hai uns seis mil anos
na anta de Roza das Modias.*

Maria Xosé Lamas que vos podo contar de María Xosé que non saibades?. Asegúrovos, de boa man, que ten moito pendente por publicar; e para min, significa unha fonte de influencia, lectora e correctora dos meus escritos antes de saír ó prelo. Con “Cartafol de Nostalgias” en min causou unha grande influencia e “Con Fausto, Por Este Río Acima”, percorrín unha viaxe extraordinaria.

Léovos esta pinga de fermosura do libro “Con Fausto, Por Este Río Acima”:

*Prego ao mar
cos xeonllos sobre as rochas descarnados
un regreso, unha volta dos camiños desnortados
a terra firme para lembrar
- xa con cinsa no cabelo despeiteado,
a carón da pedra e marco rexio
do primeiro hectómetro literario
do Paseo dos soños, no Rañego-
o meu xa longo itinerario.*

Valentín Sanjurjo. Do que falei anteriormente, publica “Poemas da miña colleita”, no 2017. Que dicirvos? Viva a retranca do Valentín:

*POETA
O poeta non ten horario
nin fonte de inspiración.
Fala coa súa pluma
das palabras que pensou.
Uns dirán que está tolo,
outros que é intelixente,
outros que non ten que facer,
é poeta naturalmente.*

Pilar Maseda. Publica “Libres Pensamentos. Dende a Rúa do Sol”, a maior parte da poesía de Pilar Maseda atópase dispersa e responde a múltiples estados vitais.

Nos libres pensamentos de Pilar, atopamos unha vida en verso, onde a infancia e a terra mostra as feridas da melancolía.

Pero, se tomamos coma referencia os últimos poemas publicados na Revista Olga do ano 2022, creo que mostra o seu fervoroso compromiso pola gran loita, a loita que as mulleres están a facer no mundo, e penso que a define como a gran loitadora que é.

Martiño Maseda é, xunto a Mero, o poeta máis laureado de Vilalba, acadando multitude de premios en Galiza e fora de Galiza, tanto en poesía como en prosa, sendo, na miña humilde opinión, un dos mellores poetas que temos hoxe na Terra Cha. É difícil a escolla, tódolos seus libros, pezas de relojería, son xoias para os sentidos. O que maior impresión me causou foi “Fotograma da desfeita”, pero os poemas que máis me inquietan e perturban son os poemas de “Diario dun ser Perdido”.

Quedádevos coa cita do libro “Entre As Paredes Do Silencio”:

*Poeta desa foula
que arrinca o vento da pel da terra,
iso ansío ser...*

Emilia Martínez Fuentes. Coñecín a Emilia compartindo inquietudes na NPG, na Nova Poesía Guitirica, da que ambos formamos parte. Sorprendeume, sen intencionalidades innovadoras, cunha poesía sinxela, sobre todo no poemario “Berce de versos” do libro “Lendas e Versos”, que cunha lectura agradable, introdúcenos nos temas universais do ser humano, versos sen pretensión, pero dunha gran beleza. Poemas como “a fala” ou as “cereixas” son de leda lectura, un agasallo. E do poema, “Para ti... Poesía”, quédome cos versos:

*Grande poesía
que fas do meu mundo
un lugar fermoso
onde quero estar...*

Luz Airado Bello. Publica no Caderno de Estudos Chairegos nº 5. Título “**Como escribir, miña xoia**” os poemas premiados no Díaz Jácome e Francisco Lorenzo Mariño, e do XXII Certame Rosalía de Castro, do Círculo Recreativo e Cultural de Cornellá.

Como libro de poesía, publica “**Instintos**”. E danos un extraordinario percorrido, cunha nova linguaxe, mostra da auténtica vangarda que supón hoxe a literatura feminista. Que forza inspiradora teñen os seus versos! O seu alento para romper teitos.

Rafa Yáñez Jato. Compañeiro en Madrid do Grupo Bilbao, ten moito escrito e bo, como ben di Vicente Araguas. Forma parte da antoloxía “La Lluvia en el mar” da editorial Pigmalión. Ten publicado co IESCHA o libro “Da Cha ao Lonxe”, pero é en “Farewell”, onde atopamos o Rafa máis auténtico, e non é depreciable o limiar, do hoxe Director do Instituto Cervantes, Luis García Montero.

No ano 2022, Revista Olga, revista de expresión Poética en Madrid, nº 11 baixo o título “Terra Cha: un verso aquí, outro acolá” mostran unha escolma feita por Rafa Yáñez, Manuel Pereira e Vicente Araguas onde aparecen, entre poetas chairegos como Otero Canto, Rábade Paredes, Miguel Anxo Fernán Bello, poetas vilalbeses: Luz Airado, Mero, Lis, Brais Lamela, Pilar Maseda e Miguel Barrera. Noutra revista, a nº 3 inclúese, entre as “24 donas da poesía galega de hoxe”, a nosa poeta María Xosé Lamas.

De **Brais Lamela**, incluído na revista, non dispoño do seu traballo de poesía, pero si do seu magnífico traballo “Ninguén Queda”, merecedor do Premio da Crítica e Premio Ojo Crítico de Narrativa, dende aquí os meus parabéns. Dos seus poemas publicados en Olga, baixo o título “A casa de Ester”, supoño que forman parte dun libro pendente de publicar, invítovos á lectura dos seus versos, trae recendos da Nobel Lousie Glück e da poeta ourensá Alba Cid, do seu libro Atlas; se atendemos á mostra dos interesantísimos tres poemas publicados, penso que nos vai sorprenden.

Salientar o gran movemento que está a producirse na Terra Cha co colectivo poético coñecido como Grupo NPG (Nova Poesía Guitirica) do que xa contamos con tres festivais de poesía e múltiples actos e publicacións como “Poemas pendurados nas Farolas” e as “Vilariñas” (onde tamén Andrea Fernández Maneiro gañou concurso); da NPG formamos por parte os vilalbeses María Xosé Lamas, Pilar Maseda, Luz Airado, Emilia Martínez e Miguel Barrera. A aventura da NPG leva un percorrido fascinante de irmandade con outros colectivos de Galiza e Portugal. Pon, en certo modo, a Vilaba da Terra Cha no universo poético.

PECHE

Certamente en Galiza, e en Vilalba, cando falamos que é terra de poetas non se minte; estamos a vivir unha época dourada, sobre todo na poesía feminina (mostra a temos hoxe, coa premiada Andrea Fernández Maneiro, unha muller das máis premiadas en certames na Galiza, permitíndeme que en nome de tódolos vilalbeses, lle traslade meus parabéns).

É a nosa obriga poñer en valor, en valor o que está a acontecer en Vilalba; pero o máis importante é desfrutalo, aproveitar este momento único lendo ós nosos poetas. Non debemos esperar outros 50 anos para que nosos descendentes digan o ben que o fixemos.

Xa para rematar, coa perspectiva dos 50 anos do Certame Literario de Vilalba, ollándonos de lonxe, na Divina Foresta, as figuras de Carmiña Prieto Rouco e Xosé Luis García Mato, que foron os poetas que vivían nos anos en que naceu o Certame, felicítarnos desta longa vida e da colleita que hoxe dispoñemos.

No ano 1983, Xulio Xiz veunos a lembrar, coa publicación da conferencia “OS POETAS DE VILLALBA”, un remate premonitorio ó dicir estas palabras que hoxe vos leo, e das que me sinto enormemente emocionado, por poder repetirlas, neste ano de 2024:

Dicía Xulio Xiz naquel ano de 1983:

...E serán as novas xentes de Vilalba, os novos poetas de Vilalba os que arrinquen da mesma lira sons novos, por que novas son as mans, novos os tempos e novas as ideas.

En nome dos poetas de Vilalba, eses que agora non teñen quen os defenda, lémbrovos a súa memoria, i exíxovos – non eu, senón eles- que os manteñades vivos a través da súa poesía no voso corazón, na vosa vida, na nosa terra de Vilalba.

Queda dito, a 30 de agosto do ano 2024.

Felices festas de san Ramón e de santa María. Moitas grazas.

Xosé Miguel Barrera Vázquez